



ORDENANZA 10

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTACIÓN.

En base ás competencias que nesta materia teñen atribuídas as Corporacións Locais, e de acordo coa Lei 4/1993 do 14 de abril, o Decreto 240/1995 do 28 de xullo e a Orde que desenvolve o anterior Decreto, Orde do 22 de xullo de 1996 establécese a necesidade por parte deste Concello de regular mediante normativa municipal adecuada ó servizo de axuda no fogar. Corresponde ó Concello a prestación do Servizo, a organización, xestión e dirección técnica do mesmo, a recollida e o tratamento da información derivada da intervención para a toma de decisións, tanto en relación coas variacións na organización do servizo, como a planificación e programación, perfeccionamento e apoio ós profesionais que prestan o servizo e a captación e formación do persoal voluntario.

ARTIGO 2.- DEFINICIÓN.-

1.- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora, " ós cidadáns no seu fogar", naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal, física, psíquica e/ou social ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio medio de convivencia e evitando así a súa posible institucionalización.

2.- Este programa ten carácter complementario doutros recursos existentes na comunidade e transitorio, e non pretende en ningún momento eximir ás familias da súa responsabilidade.

ARTIGO 3.- OBXECTIVOS.-

1.- O obxectivo xeral deste servizo é prestar unha serie de servizos , atencións ou coidados a familias e persoas con dificultades, para proporcionarlle-la posibilidade de continuar no seu medio natural mentres esto sexa posible e convinte.

2.- Como obxectivos específicos estarían os seguintes:

- Previr situacións de crise persoal e familiar, prestando unha serie de atencións de carácter persoal, psicosocial, educativo, doméstico, técnico e social a aquelas persoas que se atopen nunha situación de especial necesidade.

- Favorece-la permanencia das persoas no seu medio habitual de vida sen que diminúa a calidade da mesma por problemas de saúde, incapacidade, inadaptación social ou outros.



- Integrar ás persoas e/ou familias na vida comunitaria , estimulando e motivando o desenvolvemento pleno dos seus intereses e capacidades, e evitando o desarraigamento, illamento e a marxinación.

- Evitar formas de institucionalización ou hospitalización, sempre que sexa posible e convinte.

- Axudar ós familiares a asumi-las súas responsabilidades.

- Fomentar actitudes que favorezan a restructuración familiar.

ARTIGO 4.- PRESTACIÓNS QUE COMPRENDE O SERVIZO.-

O servizo de axuda no fogar comprende as seguintes prestacións:

1.- Atencións de carácter persoal .

Englobaría todas aquelas actividades dirixidas ó usuario directamente e que non pode realizar por el/ela mesmo/a:

- Apoio no aseo e coidado persoal co obxecto de mante-la hixiene corporal.

- Axuda para comer.

- Supervisión, se procede, da medicación simple prescrita polo persoal facultativo, do estado de saúde comunicando ó persoal sanitario especializado calquera cambio significativo, así como o control da alimentación.

- Apoio á mobilización dentro do fogar

- Compañía

- Acompañamentos fóra do fogar para a realización de xestións puntuais como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.

- Facilitación de actividades de ocio no fogar.

- Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores e que poidan ser incluídas para alcanza-la finalidade do servizo.

2.- Atencións de carácter psicosocial e educativo



Refírese ás intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio e ó desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade na que se desenvolva a vida do usuario, así como ó apoio e a estruturación persoal e familiar.

3.- Atencións de carácter doméstico.

- Limpeza da vivenda, limitada a tarefas de limpeza cotiá, agás as necesidades específicas que determinará o/a traballador/a social municipal.
- O/a usuario/a deberá dispor dos utensilios necesarios para a limpeza diaria.
- Reparacións menores que non impliquen a intervención de especialistas.
- Realización de compras domésticas por conta do usuario do serviz
- Preparación e cociñado de alimentos no domicilio do usuario. Compre prestar asesoramento e educa-los hábitos alimenticios, tratando de adecualos ó seu estado, condición e necesidades.
- Lavado da roupa no domicilio do usuario así como, comprala, cosela, ordeala, pranchar e outras análogas.

4.-Atencións de carácter técnico e complementario

a) Comida sobre rodas.

b) Conxunto de actuacións que poidan ser necesarias para que o servizo comece a funcionar ou para que continúe nas condicións adecuadas, para que co apoio de novas tecnoloxías se posibiliten intervencións inmediatas en caso de emerxencia, por exemplo a teleasistencia.

c) Outras actuacións encamiñadas á adaptación funcional do fogar.

ARTIGO 5.- PROFESIONAIS E OUTROS IMPLICADOS NO SERVICIO.-

No desenvolvemento da prestación deste servizo, unha vez planificado polo órgano municipal competente intervirán, nun primeiro nivel os traballadores sociais de atención primaria, que desempeñan unha labor de carácter técnico, en coordinación cos profesionais do equipo e outras persoas implicadas en dito programa.

Ademáis, intervirán os/as auxiliares de axuda a domicilio que se encargan da execución.

A.- TRABALLADOR/A SOCIAL.-



Técnico que recibe a demanda do órgano competente, fai o estudo de valoración da situación presentada, diseña o proxecto de intervención adecuado á mesma e é responsable do seguimento e avaliación do mesmo

Funcións e tarefas:

- 1.- Estudio e valoración das necesidades e recursos da comunidade.
- 2.- Avaliación xeral do servizo.
- 3.- Difusión e información do programa.
- 4.- Recibi-las demandas de información e atención, previamente estudadas polo órgano municipal competente e valora-la situación, e diseña-la proposta de intervención marcando os obxectivos e estratexias que se seguirán.
- 5.- Responsabilización e coordinación do programa, así como a asignación e supervisión de tarefas.
- 6.- Mobiliza-los recursos alternativos e/ou complementarios necesarios.
- 7.- Estimular e favorece-la responsabilidade familiar.
- 8.- Responsabilizarse fronte ó usuario do cumprimento do plano de atención deseñado.
- 9.- Formular ó órgano municipal competente propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo se fora necesario.
- 10.-Coordinación do servizo con asociacións, institucións, profesionais e voluntariado.
- 11.- Colaborar na formación e reciclaxe do persoal contratado e voluntarios asignados ó programa.

B.- AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

Realizan unha tarefa asistencial e educativa en contacto periódico e directo cos usuarios do servizo, a súa familia e o seu medio.

Funcións:

- Atención de carácter persoal
- Atención de carácter doméstico.
- Orientación en actividades da vida cotiá.



- Apoio á consecución dunha vida normalizada no fogar.
- Potencia-lo protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poida desenvolver por el mesmo.
- Facilitar canles de comunicación co seu entorno.
- Colaborar co traballador social na coordinación e avaliación do servizo.

Tarefas.-

1) De carácter persoal:

Axuda para:

- Levantarse, incorporarse
- Vestirse, espirse.
- Comer.
- Hixiene e aseo persoal.
- Control do réxime alimenticio.
- Control e seguimento dunha medicación simple, sinalada polo médico.
- Cambios posturais a encamados.
- Outras tarefas análogas que poidera necesita-lo interesado para o seu normal desenvolvemento.

2) De carácter doméstico:

- Limpeza da casa, vaixela e mobiliario.
- Face-las camas.
- Lavado de roupa.
- Comprar, repasar, planchar e repara-la roupa de uso persoal
- Preparación de comida.
- Compras elementais para o consumo diario.
- Acompañamentos fóra do fogar para a realización de xestións puntuais, como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.
- Axudar a pequenos arranxos na casa como cambio de bombillas, e arranxo sinxelo de aparellos domésticos.

3) Tarefas de orientación en actividades da vida cotiá.

- Detección de alteracións no estado do usuario
- Orientación cara ó fomento de hábitos alimenticios, hixiénicos, horarios, saúde, etc.
- Supervisión do estado da vivenda.
- Axuda na organización da economía doméstica e familiar.

4) Distribución da comida sobre rodas.



C).- OUTROS PROFESIONAIS.

Poderán participar neste programa os seguintes profesionais: pedago/a, psicólogo/a, educador/a, administrativo/a, que terán que estar coordinados cos responsables do programa.

D).- PERSOAL VOLUNTARIO.

Persoas que prestan os servizos de maneira altruísta e desinteresada apoiando a labor dos profesionais

Funcións:

- Completa-las prestacións básicas de axuda persoal proporcionada polos profesionais.
- Rompe-lo illamento que poideran sufrir os usuarios.
- Facilitar canles de comunicación e relación dos usuarios coa comunidade e ocupación do tempo libre.
- Fomento da participación dos usuarios na vida comunitaria.

Tarefas:

- Compañía, diálogo e comunicación coas persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar
- Acompañamentos puntuais fóra do fogar para realizar algunhas xestións como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.
- Facilita-la lectura de correspondencia, prensa, etc.
- Colaborar cos profesionais nos distintos servizos complementarios a este programa.

ARTIGO 6.- BENEFICIARIOS.

O servizo de axuda a domicilio está dirixido a toda a poboación, pero prioritariamente a aquelas persoas que polas limitacións físicas ou mentais, socio-económicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social e que precisen algún tipo de atención segundo o artigo 4 da presente normativa, sempre e cando sexa previamente valorado polos profesionais de servizos sociais de atención primaria.

Poderán ser potenciais usuarios os seguintes:

- Persoas maiores, cun certo nivel de dependencia, que non tiveran a ninguén que os atendera suficientemente e que con esta axuda poideran continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas con minusvalías, incapacitadas, afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou que por outros motivos precisen de axuda no fogar e así se lle poidera favorecer-la súa autonomía.



- Menores ós que se teñan que atender ou cuidar pola ausencia dos seus pais ou titores ou cando estes por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificadas non poideran exercer as súas funcións.

- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poideran ser susceptibles de mellora con este programa

- En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada técnicamente, e que xustifique a intervención.

ARTIGO 7.- PROCEDIMENTO DE ACCESO Ó SERVIZO.

O procedemento para acceder á prestación do servizo poderá iniciarse a instancia de parte, ou de oficio polo propio Concello. Unha vez recibida a demanda no Concello o Alcalde ou Concelleiro no que delegue, ordeará a tramitación que corresponda en cada caso.

O traballador/a social proporcionarlle ó solicitante a información necesaria sobre o servizo.

O interesado presentará unha solicitude nun impreso proporcionado polo Concello co que se xuntará a documentación necesaria para cada caso, de acordo coa que indicativamente se relaciona a continuación:

- D N I de tódolos membros da familia
- Libro de familia.
- Cartilla da Seguridade Social.
- Informes médicos actualizados.
- Xustificantes dos ingresos familiares: pensións, xuros de capital mobiliario, alugueres, etc.
- Declaración da renda.
- Declaración xurada da situación económica.
- Tarxeta de desemprego.
- Certificado catastral sobre bens rústicos e urbanos que se solicitará de oficio, ou copia compulsada expedida polo concello coa base impositiva do IBI.
- Outros que se estimen oportunos.

Unha vez comprobado o empadramento do potencial usuario/a, atenderase a solicitude á vista dos datos e da documentación que presente.

O/a traballador/a social municipal realizará a valoración técnica do caso, para o que fará as entrevistas que estime oportunas e unha visita domiciliar. Emitirá un informe cunha proposta de intervención inicial.

O informe técnico pasará á Alcaldía que será quen autorice a prestación, modificación ou cese do servizo, ou no seu caso ó Concelleiro no que delegue o Sr. Alcalde-Presidente.



Unha vez dictada a oportuna resolución, comunicaráselle ó interesado, especificando a intervención que proceda.

A resolución deberá conter como mínimo o seguinte:

- Se procede ou non a concesión do servizo.
- Taxa ou prezo que pagará o beneficiario pola prestación do servizo.
- Data a partir da que terá efecto a resolución.

O servizo formalizarase polos profesionais e, de darse o caso, tamén polo persoal voluntario que colabore con servizo.

A partir da data de solicitude comunicarase ó solicitante no prazo de 3 meses como máximo a concesión ou denegación do servizo ou ben se o expediente pasa a lista de espera. Contra a denegación do servizo, o interesado/a poderá interpoñer os recursos ou reclamacións estipuladas na lexislación vixente.

Este procedemento poderá abreviarse cando unha situación reciba a consideración de urxente, motivada por presentarse a necesidade de maneira imprevista ou súbita ou en situacións de alto risco e terán validez mentres se manteña a situación desencadeante.

O carácter urxente extinguirase tras a desaparición das circunstancias que orixinaron esa situación, pasando o expediente ó proceso ordinario de resolución.

ARTIGO 8.- FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

Supervisarase mensualmente o servizo e farase un seguimento individual de cada caso atendido, valorando a necesidade de mantelo, ampliálo, modificalo ou suprimilo cando as condicións varíen.

Así mesmo contéplase a coordinación e supervisión dos/as auxiliares, establecendo reunións de traballo cos responsables do programa nas que se revisará a evolución de cada caso co obxecto de realizar un asesoramento e apoio técnico ós mencionados auxiliares e mellorar así a calidade do servizo.

Terase en conta a posibilidade de suspensión temporal inferior a tres meses, a partir desta data o usuario causaríase baixa definitiva, tendo que efectuar unha nova solicitude se o precisara..

O usuario sempre que se produza unha modificación nas condicións que lle deron acceso ó servizo, obrigatoriamente terá que presenta-los documentos que impliquen variacións respecto ó expediente inicial.



A revisión do dereito a axuda no fogar poderá efectuarse de oficio ou a instancia do/a interesado/a e, en todo caso, anualmente nos meses de xaneiro e febreiro.

Efectuarase a revisión de oficio cando se teña coñecemento de calquera circunstancia que poidera supoñe-la modificación da mesma.

Establécese o límite de atención ó beneficiario en dez horas semanais como máximo, de luns a venres.

ARTIGO 9.-CAUSAS DE DENEGACIÓN.

Poden ser causas de denegación do servizo, as seguintes:

A.- Que o potencial usuario dificulte a labor técnica de valoración da solicitude realizada.

B.- Que as funcións para as que se solicita o servizo de axuda no fogar non estean contempladas como funcións propias do servizo.

C.- Falecemento do solicitante.

D.- Falta de dispoñibilidade do servizo

ARTIGO 10.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DO SERVIZO.

Son causas de suspensión na prestación do servizo as seguintes

A.- Desestimación voluntaria.

B.- Ingresos institucionalizados con carácter provisional.

C.- Non comunica-los cambios habidos desde a concesión do servizo.

D.- Outras causas, como visitas a familiares, viaxes, acollerse ó programa de acollemento familiar para persoas maiores ou minusválidas, etc.

ARTIGO 11.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DO SERVIZO.

A prestación do servizo, extinguirase por:

A.- A renuncia do usuario.

B.- Falecemento do beneficiario.



C.- Ingreso con carácter definitivo nun centro residencial.

D.- Traslado definitivo de residencia a outro Concello.

E.- Pola falta de colaboración do usuario ou da familia na consecución dos obxectivos previstos.

F.- Utilización do servizo para fins diferentes dos previstos.

G.- Polas necesidades do servizo ou outras prioridades.

E.- Alteración das circunstancias da concesión inicial

ARTIGO 12.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DO SERVIZO E BAREMACIÓN.-

Para a concesión do servizo teranse en conta os seguintes indicadores, sempre tendo en conta a dispoñibilidade do servizo:

A.- Autonomía persoal para a realización das actividades da vida diaria.

B.- Situación socio-familiar, establecendo o grao no que a familia e outras persoas do medio axuden ou poidan axudar ó posible usuario.

C.- Situación económica da unidade de convivencia, tendo en conta os ingresos da unidade familiar descontadas as cantidades correspondentes ó aluguer ou amortización da vivenda.

D.- Teráanse en conta outros factores como a localización da vivenda, o seu estado de conservación, equipamento, recursos dispoñibles e dificultade no acceso a eles.

BAREMACIÓN

Unha vez se acceda ó servizo de acordo co artigo 7 e se presente a documentación, farase unha valoración e establecerase unha puntuación numérica segundo os criterios para a concesión do servizo:

A).- Autonomía persoal nas actividades da vida diaria.-

1.- Persoas que aínda que teñan algunha limitación poden levar unha vida normalizada..... 1 punto.

2) Persoas que presenten algunha dificultade e precisan axuda.....4 puntos.

3) Persoas con graves dificultades.....6 puntos.



B).- Situación socio-familiar.

- 1) Persoas que conviven con familiares válidos1 punto.
- 2) Persoas que aínda que poidan ser atendidas por familiares, estes son insuficientes ben por falta de compromiso, excesiva carga ou dificultades de organización.....3 puntos
- 3) Persoas que poidan ser atendidas por familiares e/ou veciños de xeito ocasional ou en caso de emerxencia..... 5 puntos
- 4) Persoas que viven soas, sen apoio familiar ou de veciños/as de ningún tipo polo motivo que sexa, ou que conviva con familiares con graves dificultades físicas, psíquicas ou sensoriais.....8 puntos.

C).- Situación económica:

Establécese unha puntuación de acordo co nivel de renda "per-cápita" familiar en base á R.M.

- 1.- Ata o 16% da R.M. 5 puntos
- 2.- Do 16% + 1 ó 200% da R.M. 3 puntos
- 3.- Do 200 % + 1 ó 300% da R.M..... 2 puntos
- 4.- Do 300% + 1 en diante1 punto

D) Teranse en conta estes factores aplicando unha puntuación do 0 ó 5 de acordo coas circunstancias de cada caso.

De acordo coa puntuación final obtida valorarase o expediente polo órgano municipal competente.

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir desa data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.